



**RIBEIRA SACRA**  
Consello Regulador Denominación de Orixe

NOTA DE PRENSA\_GAL  
8 maio 2024

## **Un brinde pola cohesión: A D.O. Ribeira Sacra brinda este sábado na XXIX Mostra de Viños da Ribeira Sacra de Pantón**

A D.O. Ribeira Sacra únese este sábado, 11 de maio, á celebración do Día Viño D.O. 2024. Ás 13:30 o seu presidente Antonio Lombardía sumarase ao brinde colectivo no que participan simultaneamente as 35 denominacións de todo o país.

Este brinde, que será acollido durante a XXIX Mostra de Viños da Ribeira Sacra de Pantón, está organizado pola Conferencia Española de Consellos Reguladores Vitivinícolas (CECRV). Ten como obxectivo achegar o viño con denominación de orixe á xente e crear conciencia sobre o seu impacto positivo nas zonas rurais de España.

Nesta oitava edición do Día Viño D.O., o foco estará na contribución das DDOO de viño á cohesión social dos territorios nos que se sitúan. Baixo o lema "As denominacións de orixe dan vida aos nosos pobos. Celebremos o que nos une!", promoverase unha conversación en redes sociais co hashtag #VINODOcohesionsocial.

Ademais do brinde, a Mostra de Viños de Pantón estará repleta de actividades como actuacións musicais en vivo, entrega de premios do concurso fotográfico Rede Ribeira Sacra-Viticultura Heroica, degustacións de viño con D.O. en catas comentadas e maridaxes gastronómicas.

Para máis información sobre a presenza da D.O. Ribeira Sacra neste evento:

Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra  
Comercio 6/8 Monforte de Lemos (Lugo) · 27400 · España  
Teléfono: (+34) 982 410 968  
Comunicación: Marta 698 167 991  
Email: [comunicacion@ribeirasacra.org](mailto:comunicacion@ribeirasacra.org)